



CONCELLO DE PARADELA

Avda. Cabaleiros de Santiago s/n – 27611 Paradelas (Lugo)
Telf.: 982 54 11 01/ 96 – Fax.: 982 54 12 32
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ORDENANZA FISCAL Nº 8

ORDENANZA FISCAL DE LICENCIAS DE AUTO-TAXI

Artigo 1.- Fundamento e natureza

De conformidade co establecido no art. 57, en relación co art. 20.4.C do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por licenzas de auto-taxi e demais vehículos de aluguer, que rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúen o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que en relación coas licenzas de auto-taxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, que se sinalan a continuación:

- Concesión e expedición de licenzas.
- Autorización para transmisión de licenzas cando proceda o seu outorgamento, de acordo coa lexislación vixente.
- Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licenzas, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, seguintes:

A persoa ou entidade a favor da que se lle outorgue a concesión e expedición da licenza, ou a favor da que se autorice a transmisión da mesma.

O titular da licenza cuxo vehículo sexa substituído.

Artigo 4.- responsables tributarios

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa segundo a natureza do servizo ou actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

- Otorgamento de licenzas de nova creación, Licencias da clase A, 300,00 euros.



CONCELLO DE PARADELA

Avda. Cabaleiros de Santiago s/n – 27611 Paradelas (Lugo)
Telf.: 982 54 11 01/ 96 – Fax.: 982 54 12 32
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

- Autorización para transmisión de licenzas, Transmisión "inter vivos" de licenzas da clase A, 150,00 euros.
- Substitución de vehículos, de licenzas clase A, 50,00 euros.

Artigo 6.- Exencións e bonificacións

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da Taxa.

Artigo 7.- Devengo

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír, nos casos sinalados no artigo 2, na data que este Concello conceda e expida a correspondente licenza ou autorice a súa transmisión ou a substitución do vehículo.

Artigo 8.- Declaración de ingreso

1. A relación das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta taxa levaranse a cabo a instancia de parte.

2. Todas as cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuíntes ao seu pago no prazo establecido polo Regulamento Xeral de recadación.

Artigo 9.- infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título V da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.